

DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NA OFRENDA CON MOTIVO DO
DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO 2009

Santiago, 17 de maio de 2009.-

Señor presidente da Real Academia Galega, señor alcalde de Láncara, autoridades, amigos e veciños.

Unha das testemuñas escritas mais conmovedoras de Ramón Piñeiro, ten por protagonista a Láncara, ou para ser mais precisos, Mourillón. Corría o ano de 1951, e alá se foi don Ramón para lembrar a paisaxe, os sons e os arrecendos da súa nenez. O neno xa era entón un home con moitas vivencias e iniciativas e aberto, como poucos intelectuais daquel tempo, ás correntes do pensamento. Pero necesitaba mergullarse na terra que fora o seu berce, e así o fixo acompañado dun libro. Era un libro de Hölderlin, o pensador i escritor alemán. O libro fora un regalo de Cunqueiro.

Piñeiro converte esa excursión nunha fermosa epístola a don Álvaro, na que mestura as súas sensacións de home que volve a ser cativo, cunha reflexión sobre Galicia como fogar europeo e universal.

Cun anxeio case que panteísta, recoñece os seus lugares favoritos: a Veiga de Saa, a carballeira de Cousiño, o corguexo da Vacariza, o muíño da Carracalcova. *“Naquel sitio, dous mi anos atrás –di don Ramón na súa carta- tamén houbera vida humana, tamén tiñan resoado os ecos dramáticos que lle dan o ser á historia, mais todo volvera á espontaneidade lenta e muda da vida natural”.*

Pero Piñeiro non fica na mera contemplación. Axudado polo libro dun escritor alemán morto a mediados do século XIX, sente que aquel espazo máxico é Europa, e pregúntalle ao seu amigo Cunqueiro se unha das tarefas dos galegos non será *“mostrarlle aos demais europeos o camiño da liberdade espiritual, o camiño da arte como ideal humano, o camiño do humor como sabedoría suprema”.* Liberdade, arte, humor. Don Ramón, dicimos nós, estaba recuperando a misión que Galicia emprendera moito tempo atrás co Camiño de Santiago.

Esa obra que Piñeiro deixou en persoas mais que en libros, non se entende sen Láncara. A gran historia do pensamento galego non se entende sen outras moitas Láncaras que serven de sustento espiritual aos seus autores: Mondoñedo, Celanova, Bastabales, Cecebre, Trasalba, O Pindo dos druídas, a illa de San Simón cantada por Mendiño. Todos temos, i eu desde logo tamén, unha Láncara onde gardamos os aloumiños dos nosos pais, e as primeiras palabras oídas nunha lingua galega que temos asociada co cariño. A semellanza de don Ramón, necesitamos volver sempre a ese espazo primixenio para orientarnos no complexo mundo que vivimos. Nel atopamos lazos e respostas.

Como todos os galegos, coma min, Piñeiro é un aldeán universal que vía no Mourillón un resumo de Galicia, de España e de Europa. Nesa carta que vai de Láncara a Mondoñedo, don Ramón conta que nese lugar había un tesouro enterrado por míticos mouros. Xa se sabe que a nosa terra é abondosa en tesouros que son sempre comunais, e case nunca materiais. Hai moitas teorías ao respecto que non me atrevo a retrucar estando ademais en presenza do presidente da Real Academia Galega. Sen embargo, teño para min que nese caudal espallado por Galicia enteira, está a nosa lingua.

E non está soterrado senón vivo. Creo no futuro da lingua galega. Teño confianza no impulso institucional e no labor académico, pero sei que a súa forza fundamental está nos falantes que fixeron dela algo natural e cordial. As dúbidas esmorecen cando se pensa en todas as Láncaras do País galego. A certeza aumenta cando lembramos os veciños anónimos que recibiron o tesouro, que o souberon coidar e que llo dan enriquecido ás xeracións novas. A convicción faise máis forte cando se esquecen as polémicas e os berros, e cada un pensa que o idioma tamén forma parte da memoria dos nosos pais e avós.

¿Por qué chega tan fondo a mensaxe de Ramón Piñeiro? Porque non fire. Piñeiro foi quen de asociar idioma, liberdade e entendemento. Axudou a facer da lingua un vencello, unha rede espiritual, e grazas a iso achegou o idioma a xentes que tiñan esquecido ese ser aldeán que latexa en todos os homes desta terra. Falounos coma un pai mais que coma un líder. Transmitiu tolerancia, non xenreira. Non falou a masas indeferenciadas,

senón a persoas nas que vía a un veciño mais do seu rueiro. Non procurou a gloria, pero construíu unha comunidade.

Neste Día das Letras Galegas, na súa Láncara natal, preto de Mourillón e todos eses lugares que el visitou con Hölderlin e Cunqueiro nun lonxano 1951, quero tender a man a todos galegos para facer da nosa lingua o que sempre foi: un tesouro común. Que o espírito de don Ramón non esmoreza nunca.